

Comentarios publicados no [blog da Biblioteca](#) do ies Sánchez Cantón no curso 07-08

1. O libro narra as aventuras dunha rapaza que vai en busca dos seus pais desaparecidos. Ela quere facer todo o posible para atopalos. No seu percorrido coñece ao grupo de teatro *Rite-rite* que vai ser unha peza fundamental. Tamén moi importante foi a axuda que proporcionou Magdalena, a dona dun hospital, e Marcelino un gran home no que se podía confiar; estes a coidan e xunto con eles elaboran un dos plans para liberar a súa nai, presa no castelo dos Condes de Endrino. O obxectivo dos condes é utilizar á nai da rapaza como forma de acercar ó pai e prendelo, xa que este é ... Neste conto destácanse os valores do esforzo, da vontade, do amor, da amizade; representados a través da rapaza e outros personaxes como o grupo de teatro formado por xente diferente, no que hai ananos, unha muller barbuda, un neno e un estranxeiro, que conviven de forma harmónica e pacífica, e nos que a protagonista vai poder confiar e lle reportan unha gran axuda. O final non está mal, non é o convencional de ... **(Pablo Enrique)**

2. A min o libro *Camiño Perigoso* gustoume porque a rapaza sabe saír dos seus apuros e logra esquivar os seus inimigos pensando o que ten que facer. Os personaxes que máis me gustaron foron: Piollo e Pulga. **(David)**

3. Un libro nalgunhas partes aburrido, sobre todo ao principio, que ten como protagonista a unha rapaza á que proscriben ao pai e a nai a raptan, entón ela ten que ir rescatalos. Os meus personaxes preferidos foron Pulga e Piollo, do grupo de cómicos Rite-rite, por que me pareceron simpáticos, sobre todo a broma dos raposos coa que asustaron a Alba cando estaba vestida de neno. Gustoume aínda que deixa moitas cousas sen contar ao final xa que non se sabe se o seu pai acaba vencendo ao conde. Lémbreme algo a Robin-Hood principalmente pola época na que está ambientado. Recomendollo aos que lles gusten historias simples, sen moita acción e tamén as historias ambientadas na Idade Media **(Javier)**

4. A novela desenrólase na época da Idade Media, unha época histórica cruenta e violenta na que atopamos unha sociedade feudal, con todo o que a caracteriza: señores e servos, loitas, miseria... Eran tempos difíciles e os campesiños vivían en moi malas condicións; o pai da protagonista acompañara a un grupo deles que ían ver ao Conde de Endrino, en relación a unhas inxustas leis que levaban á pobreza máis mísera aos veciños. Daquela expedición contábanse moitas versións pero ninguén sabía cal era a verdadeira e o que en realidade pasara. Só que ningún deles volvera e que ás súas familias lles pasara o mesmo que á da protagonista. O enfrontamento cos soldados do Conde os converte en proscritos. Fuxidos, resisten esperando reorganizarse. Mentres tanto as súas mulleres son levadas ao castelo pois o conde sabe que desa maneira non se atreverían a atacalo por medo a que lles sucedera algo a elas. No principio preséntasenos a protagonista, Alba, a voz que nos contará en primeira persoa a narración: explícanos qué facían os seus pais, qué sucedeu que cambiou as súas vidas... vainos poñendo en antecedentes para que poidamos entender o que pase a partir dese momento. Alba decide afrontar a situación con tan só trece anos. Tropeza co silencio dos demais ou os consellos de que se dobregue sen rechistar, pero non fai caso. A esta rapaza non lle quedou máis remedio que madurar rapidamente. Ten que facer de nai e pai cando estes desaparecen e, máis tarde, irá buscalos e axudalos correndo moitos perigos (de aí o título do libro). A novela gustoume sobre todo pola época histórica na que está ambientada e pola diversidade de personaxes que nela aparecen: dous frades inquietantes, un cego malicioso, os membros da compañía de farándula Rite-rite: unha muller barbuda, dous ananos xemelgos, un forzado, un orfo... Algúns destes personaxes producíranlle desasosego e desconfianza pero outros lle inspirarán sentimentos de tenrura como a anciá dona Lena que coida enfermos, de amor como o orfo Froilán, de amizade... O final pareceume un pouco desconcertante porque hai como un salto no tempo... **(Alfonso)**

5. A protagonista é unha nena chamada Alba, que ten que emprender unha aventura por necesidade, seu pai ponse ao fronte dos campesiños descontentos co conde e os homes deste levan a súa nai para presionar o seu pai. Vestírase de neno e no seu camiño encontra a unha compañía de titiriteiros que lle darán alimento, agarimo, e actúa con eles pero continua o seu camiño. Logo encóntrana uns "frades" que lle estiveron a pedir de comer, ela estaba enferma e caeu inconsciente, os frades levárona a ..., alí estaba un cego que desconfiou que ..., dona Lena a encargada do hospital e quen protexeu a súa identidade e axúdalle ..., alí decide ir en busca da súa nai acompañada por ..., é un libro moi entretido que se le dun tirón. **(Jacobo)**

6. O libro trata da historia dunha rapaza, que tras perder os seus pais, vai en busca deles, polo camiño na busca atopa a un grupo que fai teatro chamado Rite-rite. Tamén hai unha dona dun hospital chamada Magdalena. Aos poucos encontra a Marcelino que axuda a nena para liberar a súa nai do castelo dos condes

de Endrino, que querían a nai para atraer o pai da nena, xa que querían coller lo pai e capturalo porque, o pai era o que animaba ao pobo á rebelión por querer defender os nobres. A min este conto pareceume entretido pero un pouco aburrido ao principio, xa que non se entendía a onde querían chegar e por iso non me gustou tanto como os que limos en clase de galego. Non me gustou nada o final porque deixa todo sen resolver **(Daniel Alexandre)**

7. Este libro gustoume moito aínda que ao principio me custou lelo porque era un pouco aburrido. Pero acabou sendo moi interesante a aventura da nena que ía en busca do seu pai e da súa nai que estaba encerrada traballando de ... Ben, que foi unha historia moi divertida e romántica ao final.**(Ana)**

8. Este libro gustoume moito posto que me fixo pensar no dura que podía ser a vida antes. Divertíume moito cando a protagonista, a filla de Xoán o poeta, ten que actuar cos actores que rematan sendo os seus amigos. Tamén me gustou moito todas as aventuras que ten que pasar para encontrar ... **(Ramón)**

9.- O libro gustoume máis ou menos. O que máis me gustou foi como a protagonista arriscou a súa vida para reunirse de novo coa súa familia, especialmente polos seus pais. Por si soa tivo que aprender a sobrevivir nun mundo descoñecido e perigoso e grazas a que encontrou aos cómicos. Tivo que facerse pasar por un neno coa identidade do seu pai e tivo que aprender a defenderse polos seus medios. O personaxe que menos me gustou foi o cego, que sempre estaba investigando os sucesos. (Edgar)